

CO GALEGO NO CORAZÓN




Ilustración de Xulia Piñón

FACEMOS REVOLUCIÓN

2026
correlingua 

ORGANIZAN:



A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA



COLABORAN:



CO GALEGO NO CORAZÓN FACEMOS REVOLUCIÓN



Chegou a hora da revolución! E é cousa nosa. Das mozas e mozos que saímos ás rúas para defender a lingua con amor e intelixencia.

Chegou a hora! Porque...

Co galego no corazón, facemos revolución

Unha revolución que é nosa porque somos presente e futuro da lingua. Porque queremos ser diversidade, empatía e respecto.

Porque nos preocupamos pola nosa cultura. Polo noso legado. Polo noso territorio. Pola nosa educación.

Porque non permitiremos que ningunha lingua deixe de latir. E menos aquela que nos fai galegas e galegos.

Aquela que fala de onde vimos e a onde queremos chegar.

E ti tamén podes unirte á esta revolta. E dicir sen vergoña:

Co galego no corazón, facemos revolución

Ti, que non o falas todos os días, pero sabes falalo.

Ti, que o levas pegado na alma.

Ti, que o falas pero non en todos os sitios.

Ti, que queres aprendelo porque ves o mundo dende a curiosidade.

Ti, que aínda non sabes que unha lingua pode medrar no teu peito.

Ti, que non tes prexuízos.

Ti, que rompes cos prexuízos.

Ti... podes ser o futuro.

E berrar ben forte, para que todo o mundo escoite:

Co galego no corazón, facemos revolución

E tamén vós, que coidades, ensinades, decidides e informades.

Vós, que abrazades e transmitides. Que podiades pasar, pero non pasades.

Que vos preocupades polo noso porvir.

Tamén vós podedes unirvos a esta marcha imparabile, necesaria e xusta.

E podedes falar para que ningunha lingua quede muda.

Para que se escoite ben lonxe que:

Co galego no corazón, facemos revolución

Pois a revolta máis poderosa é a que nos fai ser nós.

E CO GALEGO NO CORAZÓN FACEMOS REVOLUCIÓN.

Este manifesto é o resultado dos obradoiros 'Desata a lingua' celebrados no 2025 no que participaron alumnas e alumnos do IES Antón Fraguas (Santiago), CPI Virxe dos Remedios (Castro Caldelas), IES Xermán Ancochea Quevedo (A Pobra de Trives), IES Sanxillao (Lugo), IES do Camiño (Palas de Rei), IES de Ribadeo Dionisio Gamallo (Ribadeo), IES Eduardo Pondal (Ponteceso), IES Isidro Parga Pondal (Carballo), IES do Milladorio (O Milladoiro), IES Rosalía de Castro (Santiago), CPI de Mosteiro (Meis), IES Alfonso X O Sabio (Cambre), IES Xograr Afonso Gómez (Sarria). Os obradoiros foron impartidos polas escritoras María Lado, Lucía Aldao e Antía Yañez.

MAIO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

MARTES 5 / Alameda

Presentación a cargo de Isabel Risco

Actuación de Zeltia Irevire

A CORUÑA

MÉRCORES 6 / Torre de Hércules

Presentación a cargo de Isabel Risco

Actuación de Mekánika Rolling Band

MOAÑA

XOVES 7 / Palco da Música - A Xunqueira

Presentación a cargo de Fran Rei

Actuación de Mekánika Rolling Band

MONFORTE DE LEMOS

MÉRCORES 13 / Praza dos Condes

Presentación a cargo de Fran Rei

Actuación de Cuarta Xusta

A ESTRADA

VENRES 15 / Praza do Concello

Presentación a cargo de Fran Rei

Actuación de Sniff & Crash

NARÓN

MARTES 19 / Pazo da Cultura

Presentación a cargo de Isabel Risco

Actuación de Paco Nogueiras

OURENSE

MÉRCORES 20 / Auditorio Municipal e Praza Maior

Presentación a cargo de Isabel Risco

Actuación de Mekánika Rolling Band

RIBADEO

MÉRCORES 20 / Campo de San Francisco

Presentación a cargo de Fran Rei

Actuación de Paco Nogueiras e Sniff & Crash

PONTEVEDRA

XOVES 21 / Alameda

Presentación a cargo de Luis O Caruncho

Actuación de Sniff & Crash

VIGO

VENRES 22 / Parque de Castrelos

Presentación a cargo de Fran Rei

Actuación de Música Miúda e Zeltia Irevire

LALÍN

VENRES 22 / Praza de Galicia

LUGO

MÉRCORES 27 / Praza de Santa María

Presentación a cargo de Isabel Risco

Actuación de Sniff & Crash

ORGANIZAN:



COLABORAN:

